



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Heiche de da-lo boi louro
e mai-la vaca marela
a mai-la filla máis nova
se non quere-la máis vella.

¡Ai! /:Maldito sea la ley:/
la flor de mi mocedá-e
la eché servindo al rey-e.

Unha noite no muíño
unha noite non é nada
unha semaniña enteira
esa si que é muiñada.

Zapatos recortados
traio debaixo do pé,
querer a quen non me quere
moito traballiño é.

Unha vella moi ben vella,
vella coma Zaraghoza,
tratárona de casar
de vella volveuse moza.

I-unha vella moi ben vella,
vella coma o meu chapeu-e
tratáronll'ó casamento
lovantou ás maus ao ceu-e.

Ai Carmiña, Carme,
Carmiña, Carmela,
tráim' aquí a copa
/:e mai-la botella:/
e máis champán
e o zapato baixo
e a media de lán.

Miña nai, miña naiña
coma miña nai ningunha
lavoum' a miña camisa
dentro das mangas da súa
/:ai la la la ai la la la:/

Ai Estreliña do luceiro
e mai-la da claredá-e
vais' o día e maila noite
maila nosa mocedá-e.



¡Aí! púxenm' a contar estrelas
e boteínas nun sombreiro
e non lle poden dar conte
hastra que veu o luceiro.

Moito me doe a cabeza,
moito me doe o pezocho,
de mirar por la ventana
a ver si ven o meu mozo.

Tanto me doi a cabeza,
tanto me doi que non paro,
tanto me doi a cabeza
meu devino San Amaro.

Aí ven o meu queridíño,
vestido de mariñeiro.
Dádeme as miñas polainas
non me vou d'aquí sin elas
que me perghuntan as nenas
toda-las noites por elas.

Si queres aquí, aquí,
se queres alá, alá,
se queres na cas do cura,
na cas do cura será.

La mujer que ama dos hombres,
no es tonta que es entendida,
cuando una s'una vela apagha
a'otra le queda encendida.

O cura chamoume Rosa
i-eu tamén lle respondín,
destas rosas, señor cura
non as tenno seu xardín.

O cura vendeu a besta
por non lle da-la cebada;
agora vai aos enterros
dacabalo da criada.